

3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

3.1 DE ÁMBITO XERAL

- A) Mellorar a calidade do ensino, contando coa colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa.
- B) Coordinar a tarefa educativa do profesorado e das familias para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.
- C) Crear un ambiente cálido e agradable que ofrezca seguridade ao neno/a e favoreza a súa autonomía a tódolos niveis.
- D) Organizar un ensino baseado na convivencia e no respecto, inculcando hábitos de traballo, comportamento, responsabilidade e capacitando ao alumno/a para a súa integración social.
- E) Acadar un desenvolvemento completo da personalidade do neno/a na súa triple vertente (afecto, intelecto, relacións sociais).
- F) Formar aos nenos/as no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia.
- G) Formar ao alumnado no respecto da pluralidade lingüística de España.
- H) Promover as relacións entre o Centro e outras institucións con fins educativos e culturais.

3.2 DOS NENOS E DAS NENAS

- A) Relacionarse cos demais e aprender as pautas elementais de convivencia.
- B) Establecer vínculos de afecto, aceptando e expresando os seus sentimentos no marco familia – escola.
- C) Coordinar as súas accións coas dos outros/as, descubriendo pouco a pouco que os demais teñen a súa propia identidade, desexos e posesións, e axudándolle a formar un sentimento de solidariedade e aceptación das pequenas normas que rixen a vida cotiá.
- D) Fomentar nos alumnos actitudes e valores relacionados coa tolerancia, respecto á individualidade, creatividade, sociabilidade e respecto ao medio que os rodea.
- E) Comunicar sentimentos, necesidades e fantasías a través de tódalas posibilidades expresivas que lle ofrece o seu corpo (xestual, corporal, oral) e establecer vínculos de afecto aceptando e respetando aos demais.
- F) Coñecer as partes fundamentais do seu esquema corporal, a súa nominación e funcionalidade, unido ao progresivo crecemento da súa capacidade de acción e de actuación sobre si mesmo e sobre os obxectos que o rodean.

- G) Estar aberto ao seu contorno inmediato, familiar, social e natural, mediante a observación do mesmo, vivenciando, experimentando e manipulando situacións ou obxectos que lle faciliten a adquisición de conceptos e actitudes acordes á súa propia evolución madurativa.
- H) Desenvolver progresivamente, de acordo ás súas capacidades e idade, un nivel de autonomía que lle permita interactuar nos medios en que vive así como facilitarlle unha serie de hábitos de hixiene, alimentación, sono... que irán dende a completa dependencia do adulto, no inicio do ciclo, ata ser autónomo nestes aspectos ao finalizar esta etapa, potenciando desde a escola e o entorno familiar.
- I) Desenvolver progresivamente a linguaxe oral como instrumento de comunicación, atendendo á vertente expresiva e comprensiva da mesma e iniciarse na aprendizaxe da lectura e escritura.
- J) Iniciarse nas habilidades numéricas básicas.
- K) Tomar contacto cun idioma extranxeiro, educándose no seu acento, fonoloxía e dicción, adquirir o seu vocabulario básico e gozar con esta nova modalidade de comunicación.
- L) Desenvolver a capacidade de creación propia a través de medios como pintura, mímica, xogo simbólico.
- M) Adquirir hábitos e actitudes referentes ao respecto ao medio que o rodea (obxectos, materiais, medio ambiente).
- N) Favorecer a integración do neno/a, tanto na escola como no contorno social onde se desenvolve, o que implica non só a participación en tódalas actividades que se celebran no ámbito escolar, senon tamén o desenvolvemento de vivencias no contorno inmediato, coñecendo o que nos ofrece e encauzando os propios intereses do alumnado.
- O) Sentirse membro dos grupos aos que pertence (familia, escola, amigos) a través dun sentimento de seguridade e confianza e pouco a pouco constituir a súa propia individualidade.

3.3. DOS PAIS E DAS NAIS

- A) Potenciar a participación dos pais/nais, titores e titoras dos alumnos/as do Centro na vida escolar a través dos cauces que a lei establece.
- B) Propiciar a participación das familias na escola para establecer pautas de actuación comúns.
- C) Colaborar co profesorado do Centro no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
- D) Participar nos termos que a lei teña establecidos nos Órganos colexiados de Goberno do Centro.
- E) Fomentar, a través dos devanditos Órganos de Goberno, a realización de Actividades Extraescolares para o alumnado do Centro.

F) Respetar a idiosincrasia propia de cada unha das familias que participan na vida do Centro.